

MEMORIA DE REALIZACIÓN DO PROXECTO

“PROXECTO DE FORMACIÓN ESPECÍFICA A TRAVÉS DE NOVAS
TECNOLOXÍAS APLICADAS AO MEDIO AMBIENTE”

EXPEDIENTE: PR521A-2010-14742.



aproem 

asociación profesional de empresas medioambientales de galicia

INDICE DO DOCUMENTO:

1. INTRODUCCIÓN.

2. EXECUCIÓN DOS SEMINARIOS.

- a. Programación.
- b. Descripción dos lugares de execución.
- c. Relatores.
- d. Outro equipo de traballo.
- e. Os contidos
- f. A captación.
- g. Realización dos seminarios.

3. CONCLUSIONES

1. INTRODUCCIÓN.

A Asociación Profesional de Empresas Medioambientales de Galicia , ofreceu durante o mes de Novembro 10 seminarios adicados a mostrar a estudantes, traballadores e autónomos con interese nas sector Medio Ambiental, novas formas de entender un sector en continuo cambio, no que a reciclaxe profesional é imprescindible para estar ó día das demandas do mercado.

Así mesmo, a intención de toda esta estrutura formativa estivo determinada en mostrar aos profesionais e futuros profesionais do sector técnicas innovadoras cas que mellorar o seu futuro e o das empresas do sector, mostrándolles dende novidades que poden mellorar unha actividade específica, ata a innovación das novas tecnoloxías dentro do sector do Medio Ambiente.

O perfil do sector e tecido industrial do Medio Ambiente en Galicia está formado principalmente por pemes, que teñen grandes dificultades para poder acceder a este tipo de formación tan específico e amparado nas Novas Tecnoloxías. Polo que as actuacións realizadas, baixo este propósito, foron axeitadas, e premeditadamente oportunas, posto que fomentaron o uso das novas tecnoloxías mailos instrumentos específicos para a súa xestión nas empresas do sector, facendo unha contribución sostible á produtividade das empresas, e á ampliación ou mellora do horizonte laboral dos traballadores.

Da súa actualización, e da súa presenza efectiva coma ferramentas de mellora e modernización na súa dinámica, depende en gran parte o futuro dun sector en crecemento, e a viabilidade a medio prazo dos diferentes axentes económicos - persoas e organizacións- que o compoñen.

A articulación multi territorial proposta na execución do proxecto asegurou o espallamento dos beneficios dunha necesaria incorporación, difusión e achegamento ás Novas Tecnoloxías tanto na súa contorna directa, coma nos círculos de influencia de cada un dos nosos asociados; constituíndo un produtivo punto de apoio e fomento da implantación da Sociedade da Información na comunidade galega.

Vigo, Noviembre de 2010.

Aproema

3

2. EXECUCIÓN DOS SEMINARIOS.

Programación:

Dende Aproema contouse ca colaboración en exclusiva da entidade Gdoce Grupo Empresarial de Servicios SL, para a xestión e impartición completa do proxecto, como se certifica tanto na solicitude como na concesión.

A programación deste proxecto focalizouse a realización dun proceso formativo estruturado en seminarios de 5 horas de duración, coa finalidade de que os actores do sector puideran asistir sen ningún inconvinte e co obxectivo de ser un proceso áxil e de aplicación directa sobre as novidades tecnolóxicas do sector.

Ademais dende Aproema, entidade con implantación en toda Galicia vertebrou a organización dos seminarios as zonas de maior implantación empresarial das empresas do sector realizando seminarios nas dúas principais provincias galegas con máis impacto (A Coruña e Pontvedra).

Os seminarios realizados presentaron as seguintes características:

- **Ponencias dos Seminarios:** consistentes en ponencias realizadas por reputados profesionais cunha dilatada e recoñecida experiencia no tratamento da materia a expor..
- **Metodoloxías:** Todas as sesións foron moi interactivas e con elementos multimedia para ver e palpar todos os elementos tecnolóxicos dos que se informou (Proxector, Altavoces, Pantallas, Equipamento Informático, Software de Modelización, Conexión a Internet, etc..).
- **Duración:** 5 horas por sesión en horario de mañá (de 09 a 14), coa finalidade de que este tipo de seminarios fora complementario co quefacer diario da vida empresarial e así ter unha maior afluencia de persoas interesadas.
- **Estructuración:** Todos os seminarios executados estruturáronse do mesmo xeito, co obxectivo de que o proxecto fose estándar e homoxenizado, para asegurar un proceso formativo que permitise que os asistentes poideran acudir a varios seminarios. A estruturación que se seguiu foi:
 - o De 09:00 a 09:15- Recollida e entrega de Material.
 - o De 09:15 a 11:15- Formación.
 - o De 11:15 a 11:30- Pausa café.
 - o De 11:30 a 13:30- Formación.
 - o De 13:30 a 14:00- Conclusión, rogos e preguntas.

En base a esta articulación cos obxetivos previstos mencionados anteriormente, preparouse un programa que ofreceu unha serie de actos de distinta natureza, pero sempre complementarios, que conformaron a oportunidade de que pudieran resultar útiles e proveitosos as empresas e traballadores de moi diversa índole, albergando a posibilidade de que todos eles puideran encontrar unha liña de utilidade necesaria en cada un de eles.

Tendo o seguinte calendario de actuación.

	DATA	HORARIO	ZONA DE EXECUCIÓN
USO BÁSICO DE SISTEMAS DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA (SIG – INFORMATIC GEOGRAPHIC SYSTEM)- EDICIÓN 1	16/11/2010	09:00 - 14:00	Vigo
USO BÁSICO DE SISTEMAS DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA (SIG – INFORMATIC GEOGRAPHIC SYSTEM)- EDICIÓN 2	18/11/2010	09:00 - 14:00	Santiago de Compostela
USO DE SOFTWARE DE MODELIZACIÓN DE CONTAMINACIÓN HÍDRICA, ATMOSFÉRICA OU SIMILAR-EDICIÓN1.	17/11/2010	09:00 - 14:00	Vigo
USO DE SOFTWARE DE MODELIZACIÓN DE CONTAMINACIÓN HÍDRICA, ATMOSFÉRICA OU SIMILAR-EDICIÓN 2.	26/11/2010	09:00 - 14:00	Santiago de Compostela
GOOGLE ADWORDS E POSICIONAMENTO WEB PARA EMPRESAS DO SECTOR MEDIOAMBIENTAL)-EDICIÓN 1	25/11/2010	09:00 - 14:00	Vigo
GOOGLE ADWORDS E POSICIONAMENTO WEB PARA EMPRESAS DO SECTOR MEDIOAMBIENTAL)-EDICIÓN 2.	29/11/2010	09:00 - 14:00	Pontevedra
GOOGLE ADWORDS E POSICIONAMENTO WEB PARA EMPRESAS DO SECTOR MEDIOAMBIENTAL)-EDICIÓN 3.	24/11/2010	09:00 - 14:00	Caldas de Reis
REDES SOCIAIS E MERCADO EN INTERNET-EDICIÓN 1	26/11/2010	09:00 - 14:00	Pontevedra
REDES SOCIAIS E MERCADO EN INTERNET-EDICIÓN 2	30/11/2010	09:00 - 14:00	Vigo
REDES SOCIAIS E MERCADO EN INTERNET-EDICIÓN 3	23/11/2010	09:00 - 14:00	Caldas de Reis

En total, celebráronse dez seminarios.Os seminarios tiveron unha duración estipulada de cinco horas, sumando un total de 50 horas de formación e sensibilización en novas tecnoloxías..

Na maior parte destes actos, o interese suscitado, así como a riqueza do debate orixinado durante o turno final de rogos e preguntas, provocaron que a súa duración se dilatase máis alá da duración oficial prevista.

Descrición dos lugares de execución:

Os lugares elixidos para a realización deste seminarios foron os seguintes: Vigo, Pontevedra , Santiago de Compostela e Caldas de Reis.

En cada unha destas localidades contouse cunha sala de conferencias dotada de tódolos medios necesarios (Conexión a internet, canon, pantalla, altavoces, equipamento informático, etc..) para unha correcta execución de ditos seminarios cunha boa comunicación que facilitou a asistencia.

Ademais, ofrecéuselles aos alumnos unha pausa café para facilitar a súa asistencia e fomenta-la posibilidade de que puideran interaccionar e comparti-las súas inquietudes e experiencias.

Todos os locais estaban preparados para recoller un número de persoas entre os 25 e 35 persoas, sendo os lugares escollidos os seguintes:

SEMINARIO	LUGAR	DIRECCIÓN
USO BÁSICO DE SISTEMAS DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA (SIG – INFORMATIC GEOGRAPHIC SYSTEM)- EDICIÓN 1	Vigo	Salón Galicia. Confederación de Empresarios de Pontevedra. García Barbón 104- Vigo.
USO BÁSICO DE SISTEMAS DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA (SIG – INFORMATIC GEOGRAPHIC SYSTEM)- EDICIÓN 2	Santiago de Compostela	Hotel Os Abetos. San Lázaro, s/n, 15820 Santiago de Compostela, A Coruña
USO DE SOFTWARE DE MODELIZACIÓN DE CONTAMINACIÓN HÍDRICA, ATMOSFÉRICA OU SIMILAR-EDICIÓN1.	Vigo	Salón Galicia. Confederación de Empresarios de Pontevedra. García Barbón 104- Vigo.
USO DE SOFTWARE DE MODELIZACIÓN DE CONTAMINACIÓN HÍDRICA, ATMOSFÉRICA OU SIMILAR-EDICIÓN 2.	Santiago de Compostela	Hotel Os Abetos. San Lázaro, s/n, 15820 Santiago de Compostela, A Coruña
GOOGLE ADWORDS E POSICIONAMENTO WEB PARA EMPRESAS DO SECTOR MEDIOAMBIENTAL)-EDICIÓN 1	Vigo	Educativ Gap Pue SL. Rúa Zamora nº 106- 36211-Vigo.
GOOGLE ADWORDS E POSICIONAMENTO WEB PARA EMPRESAS DO SECTOR MEDIOAMBIENTAL)-EDICIÓN 2.	Pontevedra	Academia Postal 3 Vigo SL. Rúa Paseo de Colón Nº7- Pontevedra
GOOGLE ADWORDS E POSICIONAMENTO WEB PARA EMPRESAS DO SECTOR MEDIOAMBIENTAL)-EDICIÓN 3.	Caldas de Reis	Centro de formación Ocupacional As Burgas. Caldas de Reis
REDES SOCIAIS E MERCADO EN INTERNET-EDICIÓN 1	Pontevedra	Academia Postal 3 Vigo SL. Rúa Paseo de Colón Nº7- Pontevedra
REDES SOCIAIS E MERCADO EN INTERNET-EDICIÓN 2	Vigo	Educativ Gap Pue SL. Rúa Zamora nº 106- 36211-Vigo.
REDES SOCIAIS E MERCADO EN INTERNET-EDICIÓN 3	Caldas de Reis	Centro de formación Ocupacional As Burgas. Caldas de Reis

Relatores:

Gdoce foi a entidade encargada da xestión e execución de dita actividade formativa, entidade que conta cun equipo de profesionais da docencia e de colaboradores especializados, con amplo coñecemento no sector tecnolóxico e medio ambiental, no que podemos atopar a:

- **María Jesús Pérez Vázquez.**

- USO BÁSICO DE SISTEMAS DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA (SIG – INFORMATIC GEOGRAPHIC SYSTEM. EDICIÓN 1 E 2.
- USO DE SOFTWARE DE MODELIZACIÓN DE CONTAMINACIÓN HÍDRICA, ATMOSFÉRICA OU SIMILAR-EDICIÓN 1 E 2.

Notas de interés:

- Socia fundadora, xerente e responsable técnica de Estrategia y Gestión Ambiental, S.L. (ESGAM).
- Relación coa universidade e outras entidades: Colaboradora en accións formativas.

- **Marta González Moldes.**

- USO BÁSICO DE SISTEMAS DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA (SIG – INFORMATIC GEOGRAPHIC SYSTEM. EDICIÓN 1 E 2.
- USO DE SOFTWARE DE MODELIZACIÓN DE CONTAMINACIÓN HÍDRICA, ATMOSFÉRICA OU SIMILAR-EDICIÓN 1 E 2.

Notas de interés:

- Dirección de Consultoría en TRILLIUM CONSULTORES. Consultor calidade, medio ambiente e prevención de riscos laborais).
- Relación coa universidade e outras entidades: Colaboradora en accións formativas.

- **Fernando Otero Castro.**

- GOOGLE ADWORDS E POSICIONAMENTO WEB PARA EMPRESAS DO SECTOR MEDIOAMBIENTAL)-EDICIÓN 1,2 E 3.
- REDES SOCIAIS E MERCADO EN INTERNET-EDICIÓN 1,2 E 3.

Notas de interés:

- Consultor especializado na entidade TECONSITE (INTERNET CONSULTING).
- Ampla experiencia en impartición de formación TIC con entidades asociativas e empresas: Colaborador en accións formativas.

Ademais do gran equipo docente co que se contou para a execución da actividade formativa, tamén se ofreceu aos alumnos material de apoio proporcionado polos profesores adaptado ás necesidades que foron xurdindo na aula.

Outro equipo de traballo:

Para desenrolar correctamente a actividade, ademais dos relatores tamén interviu persoal especializado da entidade subcontratada para asegurar unha correcta coordinación do proxecto formativo, participando os seguintes actores na organización e execución:

Coordinador: Persoa encargada da organización e comunicación coa entidade solicitante, coa finalidade de que todo o proceso estivera marcado por pautas de traballo que aseguraran o seu devir e corrixir aquelas pequenas desviacións que xurxiron durante a actuación.

Persoal administrativo e de atención: Este grupo recolle todo aquel traballo administrativo e de atención a ponentes e asistentes que permite un proceso formativo cómodo e sen sobresaltos.

Equipo de telemarketing: Debido a tardanza de comunicación da concesión e co obxectivo de cumprir con todo o explicado na solicitude este equipo reforzouse máis do previsto, coa finalidade de buscar unha comunicación áxil e directa con todos os elementos do proxecto, sendo unha peza vital na fase de captación, comunicación e difusión das actividades.

Os contidos

En cada un dos seminarios os contidos foron preparados tendo en conta varios factores:

- Perfil do alumnado.
- Situación actual do sector.
- As novas tecnoloxías.
- A demanda do mercado-

Todo isto foi recollido e adaptado a cada unha das actividades, para ofrecer aos asistentes un contido útil, innovador e adaptado as súas necesidades.

Con todo isto, aportouse un contido práctico que incluso no momento da execución dos seminarios seguiu adaptándose seguindo as demandas dos asistentes aos mesmos.

Todo o contido exposto polos relatores foi repartido o inicio do seminario a todos os asistentes, sendo os puntos a tratar en cada seminario os seguintes:

SEMINARIO	REDES SOCIAIS E MERCADO EN INTERNET
Motivación:	As redes sociais e o mercado na rede compoñen un sector efervescente de indubidable crecemento e unha perspectiva positiva que conta cunha importancia e peso cada vez máis influente no desenvolvemento da sociedade e de moitas das súas relacións profesionais, ou persoais.

8

Saber interactuar neste eido estase a volver tan interesante coma produtivo, e case obrigado, se albiscamos empresas e organizacións cun forte compoñente social e tamén un mercado por diante.

Este Seminario encamiñouse a amosar as súas vantaxes e introducir aos asistentes nalgunhas das súas ferramentas máis importantes, xerando un abanico de posibilidades que logo poder desenrolar en detalle.

- Programa:**
1. As redes sociais e o mercado
 2. Tipoloxías de redes sociais
 3. As redes sociais e a súa relación ca industria
 4. Instrumentos das redes sociais
 5. Tipoloxías de negocios de mercado na rede
 6. Instrumentos de venda na rede
 7. Integración de promoción e venda nas redes sociais
 8. Ferramentas e utilidades produtivas
 9. Estratexias e rendemento
 10. Erros habituais

SEMINARIO

GOOGLE ADWORDS E POSICIONAMENTO WEB PARA EMPRESAS DO SECTOR MEDIOAMBIENTAL

Motivación: As empresas do sector medioambiental teñen que traballar a súa actividade e o seu alcance dende unha perspectiva relacional estreitamente vencellada á actualidade. A utilización da rede revélase fundamental neste camiño, e Google AdWords, tomado dende unha perspectiva medioambiental, nunha ferramenta de grande utilidade -e descoñecemento- entre as organizacións e persoas obxectivo deste Seminario.

A súa utilización imprime un punto de inflexión ao seu uso de Internet e ás súas posibilidades, facendo da rede unha oportunidade ante a que plantexar un novo aproveitamento cas ferramentas axeitadas.

- Programa:**
1. Introducción ao Marketing en buscadores
 2. Google AdWords
 3. Creación dunha campaña medioambiental
 4. Navegación pola conta
 5. Control e seguimento
 6. Optimización dunha campaña medioambiental

SEMINARIO

USO DE SOFTWARE DE MODELIZACIÓN DE CONTAMINACIÓN HÍDRICA, ATMOSFÉRICA OU SIMILAR

Motivación: Na actualidade existen numerosas aplicacións informáticas de notable utilidade na modelización de situacións medioambientais que poden supor unha serie de consecuencias colaterais de grande -e natural- importancia para unha empresa do sector medioambiental. Achegarse ás novas e máis modernas ferramentas de modelización constitúe non só unha ferramenta de grande produtividade, ou un xeito de redimensionar o alcance das actividades da organización, senón, nun nivel estrutural, a modernización dunha filosofía de traballo cara un aproveitamento do potencial das novas tecnoloxías neste eido.

- Programa:**
1. Introducción ao software de modelización
 2. Contaminación e simulación: potencial e diverxencias.
 3. Tipoloxía de aplicacións
 4. Preparación do modelo
 5. Creación de modelos
 6. Utilización de modelos

7. Análise de resultados
8. Potencial do software. Aplicacións secundarias.
9. Integración do software

SEMENARIO	
USO BÁSICO DE SISTEMAS DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA (SIG – INFORMATIC GEOGRAPHIC SYSTEM)	
Motivación:	<p>O seu uso crecente confírelle aos sistemas SIG unha grande importancia na investigación, monitorización, avaliacións multicriterio e multiobxectivo, e todo tipo de estudos medioambientais en xeral.</p> <p>Este Seminario introduciu aos asistentes nas vantaxes, produtividade e melloras que a adopción e uso dun destes sistemas poden significar para a súa empresa, nun contexto de aproximación ás novas tecnoloxías.</p>
Programa:	<ol style="list-style-type: none"> 1. Introducción aos SIG 2. Utilidade e aplicacións 3. Principais paquetes de Software 4. Visualización de datos 5. Datos e relacións espaciais 6. Configuración de atributos 7. Xeración de gráficas 8. Xeración de informes 9. Xeorreferenciación de datos 10. SIG e estudos relacionais 11. Vantaxes e inconvenientes 12. SIG e produtividade

A captación

Os medios de difusión empregados para a captación do alumnado foron diversos, dende información mediante páxinas web e información directa a centros educativos e asociados de APROEMA a ata unha captación vía as empresas do sector, para a cal se contou cun equipo de telemarketing, todo isto quedou patente na grande acollida que tiveron os seminarios e na que a participación quedou patente nos mesmos.

Realización dos seminarios

MONTAXE

Tanto o persoal docente coma os profesionais dedicados a xestión da formación fixeron chegar a cada un dos seminarios o material necesario para a correcta execución dos mesmos, entre ese material atopamos: ordenador portátil, canón proxector, carpetas, material didáctico, etc.

Todo o material foi preparado na aula antes do inicio de cada unha das actividades formativas, asegurando así o total aproveitamento do tempo e da actividade.

SEMINARIO

En todos os seminarios houbo unha presentación inicial dos mesmos onde quedou patente o sentido de dita actividade e cales foron os organismo promotores da mesma, definindo, ademais, o percorrido do seminario.

Así mesmo, todos os alumnos recibiron antes do comezo da actividade unha carpeta e un bolígrafo cos logos das entidades promotoras da actividade.

Tendo en conta os diferentes perfís profesionais que se atopaban na aula: Empregados de empresas do sector, estudantes, docentes de escolas de FP e parados. A base dos seminarios foi aportar a cada un deles novos coñecementos e técnicas para unha mellora profesional dentro das súas perspectivas. E para poder logralo, os docentes empregaron dinámicas que facilitaban a asimilación dos conceptos e mostrando, a cada un dos perfís profesionais atopados na aula, diferentes enfoques que fixeron máis enriquecedor, se cabe, a aprendizaxe.

Todo isto foi acompañado dun material na aula que fixo máis sinxela a asimilación do aprendido e mostrou de maneira máis visual e práctica a materia a tratar en cada un dos seminarios (material que se anexa na xustificación presentada).

Se algo cabe destacar a nivel de público obxectivo e a grande acollida que tiveron ditos seminarios xa que moitos profesionais non dubidaron en desprazarse varios quilómetros para poder acudir a aquela formación máis adaptada ás súas necesidades, e incluso, a máis dun seminario, xa que o percorrido formativo abarca diferentes actividades, pero todas elas de máxima interese cando falamos do Medio Ambiente e dos seus profesionais.

FINALIZACIÓN

Coa intención de determinar a valoración dos asistentes e o grado de satisfacción dos mesmos o remate de cada un dos seminarios, entregóuselles unha enquisa na que puideron valorar, de maneira voluntaria, cada unha das actividades, deixando patentes as súas visións tanto da organización coma do equipo docente e da actividade como tal.

Ditas enquisas deixaron en conclusión que estas accións formativas gozaron dunha grande acollida e unha valoración moi positiva por parte dos asistentes, en todos os niveis a valorar.

Incluso poderíamos dicir que quedou patente a intencionalidade destes asistentes en repetir experiencia, xa que atoparon as accións formativas de utilidade, cunha carga lectiva óptima e unha metodoloxía de aprendizaxe adaptada as súas necesidades.

3. CONCLUSIONES

Con motivo destes seminarios, profesionais e futuros profesionais do sector, tiveron a posibilidade de empaparse dunha visión mais innovadora se cabe do seu sector, un sector que evoluciona a grande velocidade e no que os profesionais queren tomar a iniciativa e adaptarse, a pasos axigantados, para crecer na súa labor profesional e poder facer fronte ás necesidades do mercado.

Estes profesionais deixaron patente que son conscientes da situación actual do sector, un sector profesional marcado por unha demanda cada vez mais esixente que lles esixe unha formación continua, e que cada vez vai máis de man das novas tecnoloxías.

O desenrolo de cada unha das actividades todos os asistentes puxeron de manifesto dúbidas referentes a evolución do sector, e de cómo vai evolucionar este nos próximos anos, sendo esta unha das principais preocupacións destes profesionais, dúbidas que pasaron a un segundo plano no momento en que tiveron a oportunidade de observar que existe a posibilidade de evolucionar co sector e que a formación e o mellor método para adaptase ó que o mercado e o propio sector demanden.

Concluindo, pódese dicir que estes seminarios contaron cunha grande demanda duns profesionais que non queren parar de formarse e que demandan novas accións formativas que promovan, como no caso desta actividade formativa, unha visión global e innovadora da situación actual do mercado, sendo este o medio para que tanto empresarios como traballadores poidan facer fronte as necesidades que marcan as demandas do cliente final.